

ESCOITAR O MUNDO

REAL FILHARMONÍA
DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23

Xoves 13 abril 2023

Auditorio de Galicia, 20:30 h

TESOUROS MUSICAIS

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Amandine Beyer, directora e concertino

Sala Mozart 19:45 h

Conversando con... Amandine Beyer



PROGRAMA

CARL PHILIPP EMANUEL BACH (1714-1788)

Sinfonía en Sol maior, Wq. 183/4 (H. 666)

Allegro assai
Poco andante
Presto

JOHANN DAVID HEINICHEN (1683-1729)

Sinfonía en Fa maior, S. 209

Allegro - Adagio - Allegro
Sarabande
Rejouissance
La chasse (Allegro)
Aimable
Allegro
Tempo di Menuet

CARL PHILIPP EMANUEL BACH (1714-1788)

Sinfonía en Re maior, Wq. 183/1 (H. 663)

Allegro di molto
Largo
Presto


FRANZ JOSEPH HAYDN (1732-1809)

Sinfonía núm. 47 en Sol maior "Palíndroma", Hob. I:47

Allegro
Un poco adagio; cantabile
Menuet al roverso - Trio al roverso
Presto assai

Duración aproximada do concerto: 70 minutos (sen pausa)

Prezámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.



REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Baldur Brönnimann é, desde xaneiro de 2023, o seu director titular e artístico; Maximino Zumalave o seu director asociado e Joana Carneiro a principal directora invitada. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo.

A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG está financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago

Directora e concertino

Amandine Beyer

VIOLÍNS I

Anca Smeu (axuda de concertino)
Victoria Jurov **
Ilya Fisher
Claudio Guridi
Michal Ryczel
Daniel Kordubaylo
Yulia Petrushevskaya

VIOLÍNS II

Grigori Nedobora *
Nikolay Velikov **
Kiyoko Ohashi
Enrique Roca
Helena Sengelow
Samira Ajkic
Gyula Vadaszi

VIOLAS

Tilmann Kircher *
Oxana Bakulina **
Ionela Ciobotaru
Iriana Fernández

VIOLONCELLOS

Barbara Switalska *
Carlos García **
Thomas Piel
Millán Abeledo

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez *
Amador del Pozo **

FRAUTAS

Laurent Blaiteau *
Pablo Díaz (R)

ÓBOES

Christina Dominik *
Esther Viúdez **
Avelino Ferreira (R)

FAGOTES

Juan Carlos Otero *
Manuel Veiga **

TROMPAS

Jordi Ortega *
Xavier Ramón **
Alfredo Varela *

CLAVE

Marta López (R)

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23

AMANDINE BEYER DIRECTORA E CONCERTINO

Desde o inicio da súa carreira, fai máis de vinte anos, Amandine Beyer ofreceu concertos en todo o mundo, tocando en prestixiosas salas como a Philharmonie de París, o Carnegie Hall de Nova York, o Wigmore Hall de Londres, Bozar en Bruxelas, o Oji Hall de Toquio... Foi convidada regularmente como solista e directora por conxuntos como Freiburger Barock Orchester, Akademie Für Alte Musik, Arion Orchestra de Montreal, European Union Baroque Orchestra, Tafelmusik Baroque Orchestra de Toronto, Les Siècles, Ensemble 415 de Chiara Banchini, Finnish Baroque Orchestra...

En 2006, Amandine Beyer funda o seu propio grupo Gli Incogniti, co que aborda a música de Bach, Vivaldi, Corelli, Pachelbel, Matteis, Couperin, CPE Bach, Haydn, Mozart... Gli Incogniti tocou nos máis prestixiosos festivais e salas de concerto tanto en Francia (Philharmonie de París, Théâtre des Champs Elysées, Arsenal de Metz, Opéra de Bordeos, Festival

Radio France Montpellier Occitanie, Festival de Saintes...) como do resto do mundo (Boston Festival, Bergen International Festival en Noruega, Wigmore Hall, Concertgebouw de Bruxas, Flagey e Bozar en Bruxelas, Philharmonie de Liexa, Philharmonie de Luxemburgo...).

En 2011 Amandine Beyer grava as *Sonates & Partitas* de J.S. Bach (Zig-Zag Territoires/Outthere Music) que obtén un enorme éxito de crítica e público. Pouco despois é chamada pola coreógrafa Anne-Teresa de Keersmaecker (directora da compañía de danza Rosas) para crear o espectáculo *Partita 2*. Tras cinco representacións na Cour d'Honneur do Palacio dos Papas de Aviñón que clausurarán o *Festival IN*, iníciase unha xira internacional con máis de 80 representacións por todo o mundo.

Esta colaboración continúa en 2018 coa participación do seu grupo Gli Incogniti no proxecto *The Six Brandenburg Concertos*, que se representará na Ópera de París, a


Monnaie de Bruxelas, Berlín, Nova York, Liexa, Lille, Luxemburgo... En 2022, colaborarán unha vez máis con *Mystery Sonatas / for Rosa* que pon en escena a integral das *Sonatas do Rosario* do compositor austríaco Heinrich Ignaz Franz Biber.

Paralelamente, Amandine Beyer desenvolve unha importante actividade camerística con músicos como Pierre Hantaï, Kristian Bezuidenhout ou Andreas Staier, que abarca desde o repertorio barroco ao romántico con compositores como Schubert ou Beethoven. En 2015 crea o Kitgut Quartet, cuarteto de cordas con instrumentos históricos. O seu primeiro disco *T'is too late to be wise*, adicado a Haydn e á música inglesa (Purcell, Locke), é publicado en 2019 por Harmonia Mundi e recibido pola crítica con loas.

Desde a gravación en 2008 das *Catro Estacións* de Vivaldi que dá a coñecer o grupo ao gran público, a discografía de Amandine Beyer e de Gli Incogniti é recibida

calurosamente pola crítica e recompensada con numerosas distincións (Diapason d'Or, Choc de l'année, Gramophone Editor's Choice, 4F de Télérama). Esta temporada, no espazo de poucos meses, dous discos foron publicados por Harmonia Mundi. En setembro de 2022 *Il Mondo al Rovescio*, dedicado aos concertos para varios instrumentos de Vivaldi e máis tarde, en febreiro de 2023, o disco *Mystery Sonatas*, coa integral das *Sonatas do Rosario* de Biber.

Tras os seus estudos na clase de Chiara Banchini na Schola Cantorum Basiliensis, Amandine Beyer sucédea como profesora de violín barroco en 2010. Apaixoadada da ensinanza e a transmisión, crea en 2017 unha Academia de música de cámara e traballo corporal con Gli Incogniti. Foi convidada regularmente para impartir clases maxistras por todo o mundo (Italia, Alemaña, Taiwan, Estados Unidos, O Canadá...).



REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23

Carl Philip Emanuel foi o quinto fillo (o segundo vivo) de J.S. Bach e afillado de Telemann polo que a súa dedicación á música era case inevitable. Estudou co seu pai na Thomasschule de Leipzig e aínda que as súas músicas non teñen moita relación foi o seu mestre máis importante, del aprendeu non só a tocar instrumentos de teclado senón tamén as habilidades necesarias para ser mestre de capela. Con vinte e catro anos, Emanuel converteuse en clavecinista do príncipe herdeiro Federico Guillerme, máis tarde, rei de Prusia e en 1767, instálase en Hamburgo como director musical da escola Johanneum e dalgúnhas das igrexas máis relevantes, chegando a ser moi valorado na cidade, coñecido como Bach de Hamburgo e servindo de ponte entre o estilo do seu pai e o clasicismo de Haydn e Mozart. As súas obras noméanse con dúas referencias diferentes: Wq. (ás veces, W.) é a abreviatura do índice elaborado por Alfred Wotquenne en 1905 e H., correspondente ao catálogo máis

completo e actualizado realizado por E. Eugen Helm e presentado en 1989. Das 18 sinfonías (8 en Berlín e 10 en Hamburgo) que compuxo consérvanse nove do período berlinés, e seis sinfonías Wq. 182 de 1773 e outras catro publicadas en 1770, *Sinfonías Orquestrais con 12 partes obbligato Wq. 183*, da etapa de Hamburgo onde estas últimas foron estreadas en 1776 por 40 músicos e dedicadas ao príncipe. Designadas como sinfonías orquestrais dado que inclúen partes solistas ou obrigadas para frautas, óboes, fagot e trompas, estas breves sinfonías adoitan estar baseadas en tres movementos encadeados (rápido-lento-rápido) e nelas aparecen os desenvolvementos continuos do Barroco malia tentar evitar as simetrías nos fraseos. O discurso acostuma ser moi contrastado e ningunha delas comeza con acordes que afirmen unha tonalidade, senón que o sentido tonal parece máis impreciso. A primeira destas sinfonías Wq. 183/1, no seu conxunto,

é un exemplo do que o compositor chamou música “cómica”, co que se refería a composicións que carecen dun movemento lento de longa duración. Esta obra parecía mirar ao futuro, con sonoridades e patróns rítmicos adiantados ao seu tempo, comezando cunha nota longa que repiten os violíns, acortándose cada vez máis a medida que avanza a peza. A idea repítese nun episodio tranquilo para óboe e fagot e alternanse versións enérxicas e apracibles do motivo con outras ideas ata rematar o movemento. A continuación, unha pasaxe de transición moi singular e revesgada do *Allegro di molto* ao *Largo* no que Bach lle pide ao continuo que garde silencio, nunha melodía lenta e suave. A calma dura brevemente cara ao final no que un movemento rítmico, parecido a unha danza que se repite, leva a unha coda que pecha a partitura. A *Sinfonía en Sol maior* comeza cun *Allegro assai* que inclúe un tema de apertura serio e áxil en contraste a unha segunda melodía máis suave, movemento que

remata con pequenas repeticións alegres e pausas inesperadas, típicas do compositor. O *Poco andante* é o máis extenso da sinfonía no que óboes, fagots e trompas, como na primeira das sinfonías deste grupo, calan neste movemento lento de natureza procesional, aínda que dubidosa, coa dinámica, o pulso e as texturas das cordas en constante cambio. Prescindindo, como de habitual, do tradicional *Minuet*, a condición de danza pasa ao *Presto* final que despega cun motivo da trompa, como se dun corno de caza se tratara, e avanza e detense, continúa e para sobre unha pequena frase que distrae, emotivo efecto que produce Bach pero que interrompe nuns poucos compases, mantendo ao público constantemente sorprendido a pesar dos poucos recursos temáticos utilizados.

Johann David Heinichen formouse na Thomasschule de Leipzig, estudou dereito pero rapidamente

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23

optou pola música. Foi compositor, en 1913 Gustav Adolph Seibel publicou un catálogo con máis de 250 obras súas de todos os xéneros, e teórico musical, campo no que a súa aportación máis salientable foi o tratado *Der General-Bass der Composition* escrito en 1719 cando, invitado polo futuro rei Augusto de Polonia e Saxonia, chega a Dresde para ocupar o posto de mestre de capela da corte, unha das mellores de Europa pois contaba con músicos da talla de Zelenka, Veracini e Weiss. O estudo, moi estimado polos seus contemporáneos, versa sobre a arte da composición e o acompañamento con baixo continuo, profundando na retórica musical e a filosofía. Antes de chegar a Dresde, Heinichen viviu en Venecia entre 1710 e 1716, onde escribiu dúas óperas, *Mario e Le passioni per troppo amore*, estreadas con éxito no Teatro de San Angelo dirixido por Vivaldi e, tamén nesa cidade, coñeceu a Gasparini e Lotti. Heinichen, a diferenza doutros autores que tendían a seguir o mesmo marco compositivo

básico para cada xénero, tentaba elaborar cada peza de forma única, cun número diferente de instrumentos e movementos. Claro exemplo é a *Sinfonía en Re maior*, a máis complexa das súas obras sinfónicas con sete movementos, unha orquestración que cambia entre eles e o uso mozartiano das trompas como protagonistas. A obra comeza de xeito inquietante, o *Allegro - Adagio - Allegro* abre unha sección que sona como se fose un breve *ritomello*; a continuación, un longo desenvolvemento no que o tratamento do material inicial fai que este tome a iniciativa para que trompas e orquestra entren nun xogo de chamada e resposta. A textura do movemento lento é claramente galante, unha melodía que conclúe cunha pasaxe cadencial homofónica; en cada tempo do último *Allegro*, unha frase tocada polas trompas é consecuente para toda a orquestra que interpreta con certa lixeireza. *A Sarabande*, en forma binaria, é a máis comprometida harmonicamente,

posiblemente con uso expresivo de certas disonancias. *Rejouissance* é o primeiro dos movementos franceses, ao parecer incluído para contentar os gustos do rei Augusto, cuxa estrutura vén dada pola re-orquestración da repetición de cada metade da forma binaria e cuxa repetición se reforza coas trompas. *La chasse*, seguindo a inspiración gala e as afeccións do rei, é una evocación da caza tanto en xénero como en instrumentación que comeza cun sinxelo fragmento das trompas que responden ás cordas, establecendo un diálogo que vai ata a cadencia. *Aimable*, último dos tres movementos franceses e o único sen trompas —posiblemente para darlles descanso—, honra o seu nome (amable, agradable) na orquestración para evocar unha sensación de serenidade e paz a cargo de óboes e violas. A continuación, unha efervescente melodía de trompa, cun alegre *obligato* das frautas nun movemento no que os únicos trazos distintivos son a súa melodía e o

impulso rítmico. O *Minuetto* final ofrece alternancia de escritura orquestral e de trompa, cun cromatismo sorprendente e audaz que supón un respiro fronte ao diatonismo de gran parte do resto da obra.

Desde 1761 ata a morte do príncipe Nicolás en 1790, Joseph Haydn estivo ao servizo da familia Esterházy en cuxa residencia contaban cunha orquestra, cantantes e actores como se dunha compañía de ópera se tratara. Por iso, o compositor foi quen de abordar todos os xéneros musicais, desde a ópera e a sinfonía ata a música de cámara e ademais tiña exclusividade co nobre, o que non lle permitía escribir as súas obras a outros pero si madurar a experimentación no eido sinfónico. E algo de experimental ten esta *Sinfonía núm. 47* da que Charles Rosen —no capítulo dedicado a Haydn no seu libro *El estilo clásico: Haydn, Mozart, Beethoven*— escribe:

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA


TEMPORADA DE ABONO 2022-23

“A *Sinfonía* núm. 47 en Sol maior é unha obra típica de 1772, unha das máis brillantes e satisfactorias de Haydn. As segundas partes do *minueto* e o *trío* son idénticas ás primeiras partes, pero tocadas cara atrás, nota por nota, e só constitúen as sorpresas menos sutís da obra. Non obstante, o máis agradable destas formas canónicas (ou retrógradas) é o artificio ao que Haydn recorre para asegurarse de que se percibe o que fixo; o que podería parecer un exercicio académico convértese nun efecto enxeñoso e intelectual”. A obra, escrita entre 1771 e 1772 (xunto ás sinfonías 44, 45, 46 e 48), pertence ao período compositivo *Sturm und Drang*, cuxo significado literal —tormenta e tensión— refírese á corrente literaria alemá caracterizada pola paixón, a turbulencia, a rebelión contra a orde establecida e é que, no caso da música e no de Haydn especialmente, o elemento primordial é a tendencia a empregar tonalidades menores,

supostamente máis idóneas para expresar tormentas e tensións, aínda que este espírito tamén está claramente deseñado en obras en tonalidades maiores como sucede na *Sinfonía* núm. 47. A partitura en catro movementos comeza cun *Allegro* que inclúe un primeiro tema a modo de marcha anunciado polos ritmos punteados das trompas e un segundo, máis libre e expresivo que conduce á recapitulación. O segundo movemento é un conxunto de catro variacións sobre un tema exemplo do dominio en contrapunto de Haydn que aprendeu estudando a música de C.P.E. Bach e traballando nos exercicios de J. J. Fux. O máis sorprendente da peza é o recurso ao que fai referencia Rosen, o *Menuetto al rovescio - Trio al rovescio*; os minuetos adoitan ter dúas seccións diferentes, cada unha repetida, mais neste movemento Haydn non escribe unha segunda parte separada senón que indica que se interprete a música desde o final ata o principio. O trío está construído exactamente do mesmo modo e por

2023

iso, a sinfonía leva o sobrenome de *Palíndroma*. Para rematar, Haydn inclúe o folclore húngaro como materia expresiva para acadar un último movemento de ritmo rápido cun chisco de disonancia con resultado conmovedor para unha sinfonía única.



PRÓXIMOS CONCERTOS

Xoves 20 abril 2023

Auditorio de Galicia, 20:30 h

HOMENAXE

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Paul Daniel, director

Silvia Careddu, frauta

Juan Carlos Fernández Nieto, piano

· Antón García-Abril: Concierto de la Malvarrosa

· Johannes Brahms: Sinfonía núm. 1 en Do maior, op. 68

Sala Mozart 19:45 h

Conversando con... Paul Daniel

Xoves 27 abril 2023

Auditorio de Galicia, 20:30 h

FLORES ITALIANAS

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Nil Venditti, directora

· Louise Farrenc: Sinfonía núm. 2 en Re maior, op. 35

· Giacomo Puccini: I crisantemi (Os crisantemos)

· Felix Mendelssohn: Sinfonía núm. 4 en La maior, op. 90, "Italiana"

Sala Mozart 19:45 h

Conversando con... Nil Venditti



**Compostela
Cultura**

AUDITORIO DE GALICIA

Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)
T 981 542 462 Zona C

OFICINAS

T 981 552 290 | T 981 574 152

www.rfgalicia.org
www.compostelacultura.gal



RealFilharmoniadeGalicia
CompostelaCultura



@rfgalicia
@CCultura



@realfilharmoniadegalicia
@compostelacultura



CONSORCIO DE
SANTIAGO



GOBIERNO
DE ESPAÑA



CONCELLO DE
SANTIAGO



XUNTA
DE GALICIA



AUDITORIO DE GALICIA



Deputación
DA CORUÑA